

Música de raíz

Vén de publicar, co apoio musical do grupo Solatge, o álbum 'Déria'

# A cantante Mara Aranda pon en pé outro novo proxecto musical

É a primeira vez na súa andaina que a artista valenciana, que se mantén na formación de Al Andaluz Project, aparece reflectida como solista nunha obra discográfica

Oscar Losada

A CORUÑA

A valenciana Mara Aranda continúa ofrecendo aos ouvintes da súa obra un material interesante no que atopar pezas tinxidas de tradición revisitadas con arranxos que poñen á música de raíz no mundo actual sen espilas dese concepto antigo que aniña no seu interior.

A cantante formou parte do dúo L'Ham de Foc e os grupos Aman Aman e Al Andaluz Project, co que continúa actualmente a realizar concertos en directo.

En todos eses proxectos cos que se deu a coñecer no eido da música folk amosou as súas grandes cualidades vocais e sensibilidade para interpretar os temas con xeito. Agora dá un paso máis na súa carreira, posto que exerce como solista con grupo propio coa saída á venda do álbum *Déria*.

Aranda volve incidir no mundo da tradición, fundamentalmente por medio de temas populares recollidos no antigo territorio da Coroa de Aragón, e non se desvíaa do traxecto marcado durante estes anos, cando con elementos de séculos pasados é quen de adaptarse para reafirmar un repertorio contemporáneo que mantén unha comunicación plenamente fluída coas raíces populares das que provén. Para iso é imprescindible o bo traballo desenvolvido polos catro compoñentes do conxunto Solatge, composto polos músicos Eduard



A cantante Mara Aranda e os catro compoñentes do grupo Solatge. / GALILEO

Navarro, Jota Martínez, Josep Maria Ribelles e Manolo López. Eles realizan arranxos coidados ás cancións incluídas no disco e interpretan as músicas con criterio. Aínda así existen desniveis na obra, na que cómpre salientar os temas *Cants de Batre*, *Els contrabandistes*, *Quatre Traginers*, *Nans de Xativa*, e *Jilguerillo-Aubada Generala de Vielha*, contando todos eles cunha personalidade propia defini-

da e introducindo ritmos diversos, mais sempre tendo presente o concepto musical que dota de cohesión ao traballo, no que a voz de Mara Aranda resulta unha parte de vital importancia. Á vista dos resultados, semella que os membros de Solatge son un acompañamento acertado para a artista valenciana e se todos quedaron ledos e satisfeitos cos resultados poderíamos contar dende este momento cunha

nova proposta da que se pode esperar unha nova entrega discográfica á que lle prestar atención.

O disco vén acompañado dun libreto de cincuenta e dúas páxinas na que se inclúen comentarios, en catalán, castelán e inglés, sobre cada peza interpretada e o engadido duns textos poéticos do escritor valenciano Josep Vicent Frechina. Esta obra está editada polo selo Galileo.



Luis Delgado.

## Luis Delgado realiza un traballo musical para planetarios

Redacción

A CORUÑA

O músico madrileño Luis Delgado ten unha longa traxectoria ás súas costas. É un experto en música andalusí e xa realizou diferentes bandas sonoras e discos que se poden considerar case como monográficos. Vive dende hai anos na localidade pucelana de Urueña, onde montou un Museo de Instrumentos do Mundo, xa que unha das súas afeccións foi ilos recompilando. Delgado adoitou tocar moitos deles nas súas obras.

O seu proxecto máis recente consiste en pór música a un programa homenaxe á figura de Darwin, co gallo do bicentenario do seu nacemento, que se poderá contemplar en catrore planetarios, entre os cais está o da Casa das Ciencias coruñesa. Lembremos que na súa discografía, trece álbums como solista e once como participante en dúos, tríos e cuartetos, xa contaba coa obra *Via Láctea*, realizada para o planetario herculino.

*Evolución* é o nome do novo traballo, que conta cunha duración de corenta e seis minutos e no que tamén colaboraron os músicos Javier Coble e Javier Bergia. "Hai vinte e tres anos non existía en España a tradición dunha música especificamente creada para un planetario, polo que a tecnoloxía e os medios eran máis ben escasos. Esa tarefa aínda continúa a ser de gran complexidade debido á ampla duración dos programas e á necesidade de respectar o espírito da obra", manifesta Delgado. Neste traballo mestura conceptos modernos, onde non faltan referencias a elementos electrónicos, e sonoridades acústicas, posto que no seu traballo non faltan toques claramente tradicionais e para ese mester aparecen na banda sonora instrumentos como o laúde e a zanfoña. "Estes instrumentos proporcionan toques etnográficos e aportan infindos matices tímbricos que son moi interesantes. Resulta complicado innovar na composición pero non é algo imposible porque a creatividade do ser humano non se detén", afirma o madrileño.

## O álbum '13 lúas' recolle o ciclo do ano a través de doce cancións

As pezas son interpretadas por nenos e nenas baixo a dirección de Felisa Segade

O. L.


A CORUÑA

A Asociación de Gaiteros Galegos vén de pór no mercado o disco *13 Lúas*. Trátase dun CD e DVD no que o ciclo do ano aparece como eixe para incorporar as doce cancións que están incluídas nesta obra. Cadansúa fai referencia a un mes do ano e as súas especificidades dentro das tradicións galegas.

Nos agradecementos desta obra, no que atinxe aos nenos e nenas que poñen as voces a este traballo, os promotores fan mención á asociación Brincadeira, Sociedade Liceo de Noia, Agrupación Cultural Seixebra e á Asociación de Amas de casa de Mazaricos. Todos eles tiveron a dirección, para ter as gorxas a bo ton, de Felisa Segade, coñecida fundamentalmente por ser compoñente das Leilía. Dúas das pezas que atopamos neste tra-

ballo son instrumentais e os músicos recrutados para esta ocasión son xente con bastante bagaxe na música galega. Xosé Lois Romero, *Chuco*, Roi Adrio, *Josele*, Brandán Lourenzo, Bruno Vilamor, Oli Xiráldez e Luís *Caruncho* forman a banda de *13 Lúas*.

Dende a Asociación de Gaiteros Galegos comentan que este álbum pretende axudar á difusión da nosa cultura. "Temos a convicción de que o futuro das nosas tradicións, o garante da súa supervivencia, está na mocidade. Debemos achar a maneira de que a liña de transmisión cultural se adapte aos tempos para seguir sendo efectiva. Así elaboramos *13 Lúas*, dun xeito respectuoso coas nosas tradicións e ao mesmo tempo atractivo, aplicando as novas tecnoloxías das que dispoñemos. Agardamos que poida ser utilizado como elemento educativo en calquera dos ámbitos, xa sexa es-



Portada do disco '13 Lúas'. / QUIN ALBORES

colar ou familiar, e supoña un paso máis de cara á normalización da nosa música tradicional".

No DVD incluído no traballo aparece un *videoclip* do tema instrumental *Cabalgata de Entroido*,

dous vídeos *karaokes* para poder cantar *Magosto* e *Pascua*, un documental sobre o ciclo anual na tradición galega e unha peza de monicreques realizada pola compañía Viravolta.